



ANUNCIO

Asto.: Designación de persoal colaborador do Tribunal cualificador do procedemento selectivo para a elaboración dunha bolsa de traballo de funcionarios interinos para o acceso á categoría de auxiliar administrativo do concello de Bueu

Mediante resolución de alcaldía núm. 729/2018 de data 5 de xuño de 2018, resolveuse o seguinte:

.- Designar a Susana Miragaya González, Xefe negociado do departamento de Secretaría do concello, funcionaria interina pertencente á escala de administración xeral, subescala administrativo, como persoal colaborador do Tribunal cualificador do procedemento selectivo para a elaboración dunha bolsa de traballo de funcionarios interinos para o acceso á categoría de auxiliar administrativo do concello de Bueu.

As funcións que lle corresponderán serán as establecidas na base 7.4. das bases reguladoras do procedemento, aprobadas mediante acordo núm. A.3.1 de Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada 02.04.2018.

Dita resolución se dicta en base á petición formulada polo Tribunal cualificador do procedemento selectivo para a elaboración dunha bolsa de traballo de funcionarios interinos para o acceso á categoría de auxiliar administrativo do concello de Bueu, acordada na sesión constitutiva do mesmo, celebrada o pasado venres 1 de xuño, relativa á designación de persoal colaborador que lle asista na celebración da 1ª proba do procedimientto selectivo de referencia.

Os aspirantes, poderán formular recusación da empregada designada como persoal colaborador do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 23 e 24 da Lei 40/2015 de 1 de Outubro de Réxime xurídico do sector público (LRXSP).

O que se publica para xeral coñecemento dos interesados no procedemento co cumprimento do ordeado no citado acto administrativo que resulta da regulación contida na base 16.2.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE A MARXE)